



O Grupo Municipal Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico de Funcionamento, presenta para o seu debate na seguinte sesión do Pleno a seguinte Proposición:

Dende hai xa tempo, diversas persoas -refractarias ás posibilidades de inclusión social que se lles teñen ofrecido- atópanse na confluencia da Rúa do Vilar coa Praza do Toural. Semella que estas persoas teñen renunciado a vivir, e as súas horas son un continuo *abandonarse* e unha renuncia ao seu máis elemental coidado e aos máis elementais horizontes da vida humana.

Por riba, súa presenza xa é permanente e non se corresponde cun proceso de libre, lexítima e natural deambulación constitutiva dun dereito fundamental, senón que constitúe unha ocupación ou uso intensivo ou privativo e sen habilitación do dominio público, uso que exclúe as posibilidades utilización ou paso da maioría de cidadáns e que degrada o referido espazo público ao producirse, día e noite, día e noite, un acúmulo de enseres, un consumo de bebidas, a realización de necesidades fisiolóxicas e ata o arremeter contra as persoas que traballan na zona ou que transitan pola rúa, persoas que se ven obrigadas a desviarse a fin de non ter que soportar cheiros ou a fin de non verse increpados ou a fin de esquivar as frecuentes rifas e pelexas que se producen.

Os comportamentos -propiciadores, entre outros efectos, de insalubridade e de inseguridade-, situáronse no límite do tolerable durante estes últimos anos, pero o seu agravamento foi contido e as condutas máis incívicas controladas polas autoridades municipais. Resulta público e flagrante que nos últimos meses se agravaron a ocupación do espazo e as súas indesexadas afectacións a terceiras persoas, dando lugar a unha

situación que constitúe unha burla ás normas de convivencia, así como unha privatización excluín-te de tan singular tramo de rúa.

O Estado social, as posibilidades de integración que se lle ofrecen a estas persoas, e a súa liberdade e dignidade son compatibles co aseguramento das condicións mínimas que deben manter as nosas rúas e espazos públicos, condicións, entre outras, de seguridade e salubridade, desexadas por unha maioría de cidadáns no marco dun Estado de Dereito. **Ao tempo, desfacer o acantonamento no que estas persoas están entrampadas é o primeiro paso para que poidan atopar o camiño da integración social.**

Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular presente ao Pleno a seguinte Proposición:

O Pleno do Concello insta ao Goberno municipal a que:

1º) O servizos sociais municipais realicen novos intentos de mediación e inclusión social das persoas que ocupan incivicamente o referido espazo público.

2º) A fin de favorecer esa integración e a xeral convivencia:

a) De acordo ao Dereito vixente, recupere a posesión do referido dominio público municipal, e incida no cumprimento da vixente Ordenanza de Convivencia.

b) O servizo de limpeza incrementa a frecuencia do seu paso pola referida zona.

c) Previos trámites oportunos, se modifique a actual Ordenanza de convivencia, a fin de garantir mellor o seu cumprimento, contemplando unha habilitación máis expresa á Policía, tal como se recolle, por exemplo, na Ordenanza-tipo proposta pola Federación Española de Municipios e Provincias e nas correspondentes ordenanzas doutros municipios de España.



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.